

Despois de pasar o inverno con días curtos e frías xeadas que só invitaban a pasar o tempo a carón da cociña, a Natureza espertou coa chegada da primavera. Tamén nós, como os carballos e castiñeiros que reviven e se adornan nesta estación de verde follaxe, voltamos a ter ganas de saír a tomar o aire e convivir con persoas que non comparten habitualmente o noso teito. Trátase de disfrutar xuntos duns merecidos días de lecer, coñecendo fermosos lugares de fóra da nosa contorna.

Este ano achegarémonos a **Andalucía**.

Estas vacacións son, como sempre, para os maiores, pero tamén poden participar outras persoas adultas que o desexen.

Itinerario

Saída ás **8 da mañá** de Samos o día **20 de abril**. Durmiremos en **Jaén**. Ao atardecer visitaremos a cidade.



O **día 21** iremos á Catedral e pasearemos polo interesante casco histórico.

A media tarde emprenderemos viaxe a **Málaga**, onde pernoctaremos ata o día **25**.

Málaga: Alegre e fermosa cidade onde abundan obras arquitectónicas de interese: o teatro romano, A Alcazaba, a Catedral, o Castelo de Gibralfaro...




Dende Málaga, visitaremos diversos enclaves da Costa do Sol.

Marbella: o gran centro turístico da Costa do Sol.



Mijas: Pobo serrano con recunchos encalados e típicos patios. Acobillado pola montaña, estende a súa mirada ao mar.



Frigiliana: Incluído dentro dos pobos máis fermosos de España. Moi importante o seu barrio mudéxar.



Nerja: Poboación onde se pode admirar o “Balcón de Europa”, mirador con imponente vista ao mar. A Cova de Nerja, considerada como a catedral natural da Costa do Sol pola súa fermosa formación pétreo, conserva tamén restos de pintura rupestre e arqueolóxicos.



Motril: Luminosa cidade granadina con fermosas praias ao seu redor.



Granada: Dende a Alhambra, o Albaicín (patrimonio da Humanidade), ata a Capela Real, onde está o panteón dos Reis Católicos... A mellor expresión desta cidade de un poeta mexicano F. de Icaza: *“Dale limosna mujer, que no hay en la vida nada como la pena de ser ciego en Granada”*.

Aquí pasaremos a noite do día 25 e 26.



A chegada a Samos o día 27 está prevista sobre as 9,30 da tarde.

**Os que se animen a participar
deberán inscribirse antes do
día 11 de marzo**

Vacacións Convivencia para os Maiores en Andalucía 20-27 de abril 2018

